NARÓN

Datos Do Expediente:

PROCEDEMENTO ABERTO		
Unidade Tramitadora:		
Contratacion e Obras Publicas - BRA		
Número expediente:	Documento:	
CON/111/2015	CON10I1H7	
5E1C281Z0A1S5Y6D11AL		

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DA LICITACIÓN DO SUBMINISTRO DENOMINADO "MELLORA DE EFICIENCIA ENERXÉTICA NA ILUMINACIÓN PÚBLICA DAS VIVENDAS DA MARIÑA E O SEU CONTORNO" PARA ADMISIÓN OU NON DA XUSTIFICACIÓN DA BAIXA DECLARADA COMO ANORMAL OU DESPROPORCIONADA.

Reunidos na Casa do Concello, o 9 de decembro de 2016, ás 12:07 horas, constitúese a mesa de contratación da licitación do subministro denominado "Mellora de eficiencia enerxética na iluminación pública das Vivendas da Mariña e no seu contorno" formada por Dna. Marian Ferreiro Díaz (Alcaldesa Accidental), que actuará como presidenta; D. Alfonso de Prado Fernández-Canteli (Secretario da Corporación); Dna. María del Pilar Canzobre Méndez (Interventora Xeral da Corporación); D. Francisco García Gato (Xefe dos Servizos Externos) e D. Ibán Santalla Borreiro (Concelleiro delegado de Servizos) que actuarán como Vogais, e por último D. Ignacio Mazaira Garro, Xefe da Sección de Contratación , que actuará como Secretario da Mesa.

Para os efectos da admisión ou non das ofertas presentadas polas empresas Técnica 4 Ingeniería y Montajes SLU, Formatesa Lalín SL, Enerfree SL e Narontec Gestion SL, procédese pola presidencia a ler o informes emitidos polo técnico José M. Saavedra Pantín. Segundo os mesmos, non se admiten por resultar insuficientes as seguintes xustificacións:

- a empresa Técnica 4 Ingeniería y Montajes SLU presenta unha xustificación económica insuficiente e moi xenérica, sen descomposición nin rendementos das unidades e incorpora medios e equipos propios pero sen rendementos.
- Formatesa Lalín SL presenta unha documentación moi densa e xenérica da empresa e dos seus catálogos pero que no xustifican suficientemente os prezos, e xustifican o material mediante unha oferta do fabricante e a man de obra de forma xenérica, pero sen rendementos que xustifique o prezo.
- Enerfree SL presenta unha xustificación económica moi xenérica sen descomposición, coa aportación dun presuposto dunha empresa colaboradora na execución, sen detalle ningún, e sen contemplar a reforma dos cadros definidos na memoria.

A Mesa de Contratación ratifica estes tres informes polo que acorda non admitir a xustificación das ofertas presentadas e excluir as tres empresas do procedemento de licitación por incluir as súas ofertas valores anormales ou desproporcionados.

Así mesmo, ratifica o informe emitido polo citado técnico con relación á oferta presentada por Narontec Gestion SL polo que se considera suficiente a xustificación emitida e se admite por tanto, a súa oferta económica.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Vistas as ofertas admitidas, a mesa procede ao cálculo das puntuacións obtidas segundo a fórmula prevista no prego de cláusulas administrativas particulares, resultando a seguinte puntuación :

LICITADOR	OFERTA SEN IVE	IVE	TOTAL	PUNTUACIÓN
IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS SL	89.854,64	18.869,47	108.724,11	91,62
EXCOMEL EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR SL	116.947,09	24.558,89	141.505,98	55,18
ELECTRICIDAD EYP SL	115.104,44		139.276,37	58,01
NITLUX INGENIERÍA Y ELECTRICIDAD SA	98.980,00	20.785,80	119.765,80	80,47
NEW ENERGY CONCEPT 2020 SL	85.766,48	18.010,96	103.777,44	96,62
NOROINSTAL SISTEMAS E INSTALACIONES SL	109.015,88	22.893,33	131.909,21	67,36
MICROLED LA MANCHA SL	85.069,60	17.864,62	102.934,22	97,47
TECNORED MONTAJES ELECTRICOS SA	101.300,00	21.273,00	122.573,00	77,64
INERGEN SOLUCIONES ENERGÉTICAS SL	93.264,12	19.585,46	112.849,58	87,46
VALDONAIRE SOLUCIONES TÉCNICAS SL	95.658,00	20.088,18	115.746,18	84,53
SETGA SLU	100.000,00	21.000,00	121.000,00	79,23
INELCOM INGENIERÍA ELECTRÓNICA COMERCIAL SA	96.383,00	20.240,43	116.623,43	83,65
AELECTROSENSOR SLNE	108.554,00	22.796,34	131.350,34	68,07
NARONTEC GESTION SL	83.000,00	17.430,00	100.430,00	100
TECNICAS ELECTRICAS ACEBRE SL	121.960,00	25.611,60	147.571,60	47,49
ELECNOR INFRAESTRUCTURAS SA	121.917,17	25.602,61	147.519,78	47,55
ELECTRICIDAD PERMUY SL	138.743,00	29.136,03	167.879,03	21,72
CELSO NÚÑEZ SL	130.657,78	27.438,13	158.095,91	34,13
PROYMEL MONTAJES SL	132.416,31	27.807,43	160.223,74	31,43
GRUPO MARIÑO OBRAS Y SERVICIOS SL	126.690,00	26.604,90	153.294,90	40,23
TEICAN MEDIOAMBIENTAL SL	97.844,24	20.547,29	118.391,53	81,86
INSTALACIONES ELECTRICAS CORUÑESAS SL (INSTELEC)	89.530,87	18.801,48	108.332,35	92,02
MONTAJES ELECTRICOS VIZCAINO SL	106.378,25	22.339,43	128.717,68	71,41

De acordo coa puntuación outorgada, proponse ao órgano de contratación a adxudicación do contrato do subministro de Mellora de eficiencia enerxética na iluminación pública das Vivendas da Mariña e no seu contorno, á oferta economicamente máis vantaxosa, que aplicados os criterios de adxudicación, resultou ser a presentada pola mercantil Narontec Gestión SL.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Non tendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as 12 horas e corenta e sete minutos da data indicada no encabezamento, redactándose a presente Acta, de cuxo contido como Secretario dou fe, asinando comigo os membros da mesma.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es